«O tiro á lata con escopeta de pau é un xogo xenuíno de Melide»

A localidade acolle hoxe a presentación dun traballo de investigación colectivo sobre os xoguetes e os enredos tradicionais no Camiño Francés dende Roncesvalles

N. NOGUEROL
MELIDE / LA VOZ

Melide ten nos xogos populares un elemento idiosincrático. O tiro á lata con escopeta de pau «é xenuíno de Melide. Hai xogos de lanzamento en todas partes, pero tan específico, non», di o mestre Paco Veiga, da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT). El é un dos estudosos que participaron no traballo de campo que se desenvolveu este verán no marco da investigación «Xoguetes e enredos tradicionais e sustentables no Camiño de Santiago: circulación de enredos con materiais da natureza», que lidera profesorado das universidades de Santiago e da Coruña, ademais do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego. É un proxecto que segue a cocerse no forno, pero os investigadores xa tiraron as primeiras conclusións logo de percorrer o Camiño Francés dende a fronteira navarra co País Vasco francés ata a súa culminación en Santiago. Os resultados dese traballo de campo presentaranse este sábado en Melide, de onde se ten un fondo coñecemento sobre o patrimonio lúdico grazas ao traballo que desenvolve dende hai máis de dúas décadas a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, con sede na localidade.

O caso é que o tiro á lata con escopeta de pau é un entretemento do que non se atopou parangón noutros municipios xacobeos, aínda cando a investigación pon de manifesto que o Camiño de Santiago «é unha autoestrada de cultura pola que circulou moita manifestación lúdica», di Paco Veiga para concluir que «en todas as partes se xoga a case todo». De aí a singularidade do tradicional xogo da localidade melidense, que, ademais, «conserva a súa vixencia e fica lonxe de perderse», afirma Veiga, que sostén a súa afirmación na radiografía que deixa sobre o entretemento a Festa do San Caralampio. Nesta celebración popular que bota aos veciños ás rúas do casco vello o segundo domingo de setembro, e da que este ano se conmemorou o oitenta aniversario, sitúan as orixes do tiro á lata con escopeta de pau, un xogo que dende a propia festa se contribúe a transmitir de xeración en xeración con concorridos concursos para adultos e para cativos. O tiro á lata é en Melide o equivalente á chave no conxunto da comunidade. «É un xogo xenuino galego, que está moi vivo e ten moitos practicantes aínda», sostén Paco Veiga.



Na Festa do San Caralampio, en Melide, practícase o xogo do tiro á lata con escopeta de pau. TURISMO MELIDE

A raia burgalesa

A investigación sobre os xoguetes e enredos tradicionais no Camiño de Santiago, promovida pola Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC, pon de manifesto a abundancia lúdica que deixa ao seu paso a principal ruta xacobea, e a diversidade existente en torno a xogos comúns en todo o Camiño como son a ra, os bolos, ou a billarda, «da que foi un descubrimento que mesmo segue coexistindo en lugares de difícil xeografía», sinala Veiga, en referencia á fronteira de Galicia, «onde apareceu unha billarda máis rústica [...] que tamén nos citaron en Triacastela». O investigador da AGXPT extende de esa variedade a vellos xoguetes tamén compartidos no itinerario de peregrinacións como as bonecas, os chifres, os colares de frores, os aros ou ous tirapedras, todos eles diferentes nuns e noutros lugares polos materiais empregados na súa elaboración. A heteroxeneidade lúdica detectada polos investigadores casa coa conclusión de que «cada grupo social fai seus os xogos, atendendo ao seus medios e ás súas necesidades», explica Paco Veiga, que ao respecto do papel que desempeña o Camiño de Santiago como medio vehicular defende que «o intercambio cultural pode derivar dunha culturización integradora».

Roncesvalles, Pamplona, Puente de la Reina, Logroño, Belorado, Sahagún, Astorga e Sarria foron algúns dos municipios que os investigadores visitaron para documentar con entrevistas a axentes locais, expertos e, mesmo, peregrinos, e con material audiovisual un traballo que permitiu localizar en Burgos «unha fronteira lúdica». Nos concellos xacobeos ata a capital burgalesa, son xogos «moi comúns» as tabas e os birlos femininos, que «despois, case misteriosamente, convértense nun xogo de homes», apuntan os investigadores, que sinalan a petanca e os frontóns como os entretementos de vello que manteñen con vida pasado Burgos.

Na mesma cidade castelá se detén o traballo de investigación, poñendo en valor o peso específico que teñen no patrimonio lúdico os birlos, «que constan de diferentes fases, adestrando e esixindo diferentes habilidades», subliñan. Os investigadores gaban a conservación dos bolos, que poñen de exemplo para explicar que os xogos populares «chegan ás novas xeracions mediante as modalidades deportivizadas», aínda que en terras burgalesas «máis alá das competicións, os birlos son un evento presente nas festas».

Presentación e xogos na rúa

A biblioteca municipal Xosé Vázquez Pintor acollerá, a partir das seis da tarde, a presentación do traballo sobre os xogos tradicionais no Camiño Francés, nun acto que moderará Antía Freire, integrante da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT), e no que tamén intervirán o alcalde melidense, José Manuel Pérez, o propio Paco Veiga, e o profesor universitario Apolinar Varela. El é o investigador principal do proxecto, no que o acompañan, ademáis da AGXPT, integrantes do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego, como Xosé Manuel García e Xosé López, do museo O Recuncho das Argalladas, de Vilanova de Lourenzá; e as profesoras Silvia López-Gómez, da Universidade de Santiago de Compostela, e Manuela Vázquez Coto, do Colexio Español de Rabat.

Dende hora e media antes da presentación do estudo na biblioteca municipal, a próxima praza das Universidades acollerá unha actividade que convida aos veciños a practicar diferentes xogos populares e tradicionais que poñerá a disposición da xente a AGXPT. Baixo o lema «Xogos tradicionais para todo o mundo», é unha proposta que ten como obxectivo, explican, «achegar o patrimonio lúdico á cidadanía dunha maneira participativa, inclusiva e interxeracional».

COMARCA DE ORDES

La Mancomunidade retoma los talleres de prevención de adicciones

El próximo día 21, en Trazo, para alumnos de ESO del CPI Viano Pequeno, comenzará un nuevo ciclo de los talleres de prevención de conductas adictivas que realiza la Mancomunidade de Ordes, impartidos por Mónica González López. Por su parte, en el CEIP Castelao de Ordes se celebrarán los primeros talleres de habilidades sociales los días 20, 22, 27 y 29 de octubre, dirigidos a alumnado de quinto y sexto de primaria.

A BAÑA

Isabel Romar y Manuela Dacunha ganan un concurso fotográfico

Isabel Romar Romar y Manuela Dacunha Vázquez son las ganadoras del Concurso de fotografía amateur pola corresponsabilidade, masculinidades igualitarias, coidados e usos do tempo, promovido por el Concello da Baña a través de la Concellería de Acción Social. Este certamen tiene el objetivo de sensibilizar sobre la repartición de responsabilidades domésticas y de cuidado, y fomentar la implicación de los hombres en estos trabajos.



Rubén Suárez y Evaristo Ben.

NEGREIRA

Rubén Suárez repite como candidato del Partido Popular a la alcaldía

El secretario general del PP de la provincia coruñesa, Evaristo Ben, refrendó la propuesta del comité local de Negreira por la cual Rubén Suárez volverá a ser el candidato del partido a la alcaldía de la localidad barcalesa. Suárez quedó a muy pocos votos de ser alcalde en las dos últimas convocatorias electorales, recordó el PP. Evaristo Ben agradeció a Rubén Suárez el trabajo realizado durante estos años y su compromiso con Negeira.

DESARROLLO RURAL

Noelia Belato Toja, elegida presidenta del GDR Terras de Compostela

La teniente de alcalde del Concello de Santa Comba, Noelia Baleato Toja, es la nueva presidenta de la Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Compostela. Baleato está acompañada en la directiva por Juan Martínez López, de la Fundación Down Compostela, como vicepresidente; Ovidio Rodeiro, alcalde de Boqueixón, secretario; y Diego Vilas Boga, de la Asociación de Empresarios de Santa Comba, como tesorero.